



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Orientación ocupacional	Código	652G03021	
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A orientación ocupacional, tamén chamada orientación laboral e orientación para o emprego, ten como destinatarias as persoas desempregadas, especialmente as que están nunha situación de vulnerabilidade ou exclusión social. A súa finalidade é a adquisición e/ou mellora dalgúns dos factores persoais implicados na inserción laboral e vencellados a empregabilidade. A orientación laboral é un dos ámbitos profesionais do/a educador/a social que goza de recoñecemento institucional. A materia pretende contribuir a construción dalgunhas das competencias profesionais requiridas neste campo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A21	Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Caracteriza-lo desenvolvemento institucional da orientación ocupacional e comprender e valorar a súa inclusión nas políticas de emprego, nos plans e accións para a igualdade e para a inclusión social.	A1 A3		
Analiza-lo perfil profesional dos profesionais da orientación ocupacional, identificar as competencias necesarias para o seu desempeño e valorar a importancia e necesidade de formación ó longo da vida.	A1		C7
Identificar o mercado profesional do/a educador/a social no campo da orientación e formación profesional	A1		
Adquirir coñecementos, destrezas e actitudes para a propia inserción profesional			C7
Comprender as implicacións dos cambios producidos no mercado laboral na concepción e praxe da orientación profesional e nos procesos de exclusión laboral.	A5		C4
Adquirir unha actitude reflexiva, crítica e transformadora ante ás problemáticas que atende a orientación ocupacional, analizando e valorando as súas achegas e as súas limitacións na consecución dun emprego e na promoción da xutiza social.	A14		C4
Comprende-la terminoloxía específica e usala axeitadamente		B6	C1
Analiza-las bases teóricas da orientación ocupacional e comprender as implicacións para a súa praxe	A2		
Analizar e deseñar intervencións para a inserción laboral con enfoque de xénero.	A3 A6 A9 A21	B1 B4	
Buscar, seleccionar e almacenar recursos para a praxe da orientación ocupacional utilizando as tecnoloxías dixitais.			C3
Adquirir actitudes e destrezas de indagación que posibiliten o estudo independente e a formación permanente.			C3 C7
Identificar os factores ou barreiras que obstaculizan a inclusión laboral de persoas en situación de vulnerabilidade ou exclusión social e valorar as súas implicacións para a acción socioeducativa en el ámbito laboral.	A8	B1	C4
Identificar e valora-los posibles usos das tecnoloxías dixitais para as persoas que buscan emprego e para os profesionais da orientación laboral, así como comprender a necesidade de ser profesionais competentes dixitalmente e de promover a competencia dixital nas persoas destinatarias da orientación ocupacional.	A2		C3

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Mercado laboral e formación profesional	1. Mercado laboral 1.1.- Indicadores e fontes para o estudo do Mercado Laboral e da exclusión social 1.2. A situación de desigualdade das mulleres no mercado laboral e mulleres obxecto de discriminación múltiple 1.3. Cambios no emprego e na súa relación coa inclusión social 2. Formación profesional 2.1. Subsistemas, ordenación e oferta 2.2. Acreditación de competencias: finalidade e procedemento
Tema 2. A inserción laboral: factores, estratexias e accións.	2.1. Factores que interveñen nos procesos de inserción e exclusión laboral. 2.2. A empregabilidade como foco da intervención. Elementos e críticas. 2.3. O itinerario personalizado de inserción (IPI) como estratexia de intervención: características, fases e accións 3.4. Integración da visión de xénero no IPI: finalidades, modalidades e accións. 3.4. Recursos para a praxe da orientación ocupacional



TEMA 3. Delimitación conceptual e bases teóricas da orientación ocupacional	<p>3.1. Orientación Profesional e Orientación Ocupacional: delimitación conceptual, ideas forza, relacións e aclaracións terminolóxicas. Orientación ocupacional e xustiza social.</p> <p>3.2. Modelos de intervención: tipoloxía e características.</p> <p>3.3. Finalidades e pautas para integrar a perspectiva de xénero.</p> <p>3.4. Ámbitos e finalidades para a utilización das tecnoloxías dixitais na OO</p> <p>3.5. Áreas de intervención: que son e cales son?</p> <p>3.6. Recursos para a praxe da OO</p>
Tema 4. Desenvolvemento institucional, situación actual da orientación laboral e perfil profesional dos/as orientadores/as laborais.	<p>4.1. Perfil profesional do/a orientador/a laboral</p> <p>4.2. A orientación ocupacional como campo profesional das/os educadoras/es sociais</p> <p>1.1. Principais acontecementos e tendencias no desenvolvemento institucional da OP</p> <p>1.2. A orientación laboral nas políticas de emprego, de igualdade e de inclusión social.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A2 A3 A5 A8 C4	20	22	42
Presentación oral	C1	4	1	5
Proba mixta	A2 A8 A9	2	10	12
Simulación	A3 A5 A6 A8 A9 A14 A21 B1 B4 B6 C3 C7	27	45	72
Prácticas a través de TIC	C3	1	2	3
Sesión maxistral	A1 A2	14	0	14
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	A análise de fontes documentais afonda nas dimensións teóricas e legais dalgúñas das temáticas do programa e no coñecemento de experiencias de inserción laboral. Na análise das fontes documentais hai unha parte de traballo individual, que se realiza fóra da aula, e unha parte de análise a nivel grupal que se realiza nas aulas interactivas. As fontes analizadas van ser utilizadas, principalmente, na elaboración da fundamentación teórica da actividade de simulación.
Presentación oral	Consiste na defensa e presentación da actividade de simulación
Proba mixta	Está orientada á avaliación das aprendizaxes relacionadas co saber e saber facer. Consta de catro preguntas, tres sobre os contidos teóricos e unha sobre a actividade de simulación. Nas preguntas de tipo teórico solicítanse respostas de análise e relación das temáticas abordadas.
Simulación	Esta actividade realízase conxuntamente coa materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables. Nesta "metodoloxía" aplícanse os principios da aprendizaxe baseada en proxectos que promove unha aprendizaxe significativa, funcional, autónoma e colaborativa. O produto é o deseño dun proxecto de inserción social e laboral no que se integran as aportacións das dúas materias. É unha actividade grupal (mínimo de catro e máximo de seis persoas).
Prácticas a través de TIC	Trátase da construción dun marcador social para a recompilación de recursos para a praxe da orientación ocupacional e para obter información útil de cara a futura inserción profesional. É unha actividade optativa e grupal que se realiza ó longo do cuadrimestre.



Sesión maxistral	O método expositivo vai ser utilizado para presentar, explicar e relacionar os contidos de cada un dos temas do programa.
------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Simulación	<p>A atención personalizada ten como finalidades a supervisión e seguemento do deseño do proxecto de acción socioeducativa. Hai tres sesións de tutoría grupal obrigatorias que se realizan conxuntamente coa profesora da materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables.</p> <p>A atención personalizada tamén está presente nas aulas interactivas, nas que se supervisa e apoia as tarefas que se realizan en grupo e nas que se atenden as demandas de orientación do alumnado.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Simulación	A3 A5 A6 A8 A9 A14 A21 B1 B4 B6 C3 C7	<p>Actividade grupal. Consiste no deseño dun programa de acción socioeducativa (PAS) para un grupo de persoas en situación de vulnerabilidade ou exclusión social, atendendo ós requirimentos dunha convocatoria pública simulada. Os criterios de avaliación son os seguintes:</p> <p>a) Integración na fundamentación teórica e legal das temáticas abordadas na análise documental: xustificación no marco institucional - plans para a igualdade e para a inclusión social xerais ou específicos do colectivo-; análise do carácter estrutural da exclusión laboral e da súa relación cos cambios na norma social do emprego; análise dos factores que dificultan a inserción laboral do colectivo para o que se destina o PAS e relación coa empregabilidade; xustificación e caracterización da estratexia metodolóxica; incorporación da visión de xénero (por que, para que e como); e conceptualización da orientación ocupacional.</p> <p>b) Accións para a inserción laboral: cobertura en relación cos factores que están a obstaculizar a integración laboral, integración da perspectiva de xénero, formulación de obxectivos e contidos, coherencia entre obxectivos, metodoloxía, actividades e avaliación, sinerxia entre as accións destinadas á inserción social e á inserción social e nivel de desenvolvemento das actividades.</p> <p>c) Aspectos formais: calidade lingüística, utilización da lingua galega, presentación (índice, paxinación, marxes, utilización das normas APA)</p> <p>d) capacidade de análise, síntese, integración e transmisión da información procedente das dúas materias.</p>	55
Proba mixta	A2 A8 A9	Integrará tres preguntas de resposta breve e unha de análise, valoración e re-diseño dos obxectivos e contidos dun programa de orientación ocupacional.	40



Prácticas a través de TIC	C3	Con esta actividade desenvólvense competencias dixitais da área de información (buscar, seleccionar, etiquetar e almacenar). Trátase de crear un marcador social no que se recompilen recursos dixitais de interese para a futura inserción laboral do estudiantado e para a praxe da orientación ocupacional. Criterios de avaliación: cantidade de recursos incorporados, etiquetas de clasificación axeitadas, descrición e valoración dos recursos.	5
---------------------------	----	--	---

Observacións avaliación

Requisito para superar a materia Para superar a materia é imprescindible obter a metade da cualificación outorgada á proba mixta e á actividade de simulación.

Convocatoria de xullo (segunda oportunidade) Na segunda oportunidade recuperanse as partes non superadas.

Avaliación das actividades grupais As actividades grupais van ser obxecto de autoavaliación e coavaliación. Os resultados desta última vai reflectirse na cualificación individual.

Actividades optativas Coa realización de

actividades optativas pode obterse até dous puntos. Durante o mes de setembro o alumnado interesado debe inscribirse en moodle no apartado correspondente. Estas actividades céntranse no autoconñecemento, na exploración do mercado profesional da educación social e das opcións de formación ó rematar os estudos.

Modalidade de avaliación para as persoas que non podan asistir as aulas

As persoas que, por razóns debidamente acreditadas, non asistan ó 85% das aulas poden acollerse a unha modalidade de avaliación específica. Para optar esta modalidade hai que solicitar unha titoría para concretar as actividades de avaliación e o proceso de supervisión e seguimento. Para estes casos, as actividades de avaliación son a proba mixta (45), unha tarefa de análise e deseño dun programa de orientación ocupacional (40), as prácticas a través de TIC (5) e unha reflexión sobre as aprendizaxes e competencias desenvolvidas na materia (10).

FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA Citación de fontes Os contidos incluídos (texto literal e parafraseo) nos traballos deben estar referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 6ª edición.

Plaxio

O plaxio en calquera das actividades da avaliación será motivo de suspenso.

Copiar nos exames

O uso indebido de información durante os exames tamén será motivo de suspenso.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Echeverría, Benito (coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC- Mc Carthy, J. (2016). La orientación profesional y las habilidades para la gestión de la carrera. Una perspectiva internacional. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer- Mc Carthy, J. (2016). la dimensión de servicio público de la orientación . España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer- Pérez Boullosa, A. (2009). Orientación para la inserción profesional: estrategias y recursos. Madrid: Biblioteca Nueva- Sánchez García, María Fe (2014). Estrategias para la inserción laboral y el autoempleo. Madrid: UNED- Sánchez García , Mª Fe (2014). Orientación inclusiva, diversidad y factores de riesgo. Madrid: UNED- Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2016). El modelo de orientación profesional en cuestión. Revisión de sus referentes teórico-prácticos. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer- Secretaria de Igualdade. Xunta de Galicia (2017). VII Plan estratéxico galego para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres 2017-2020. http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/vii_planigualdade_20170403_galego_1.- SENDOTU (2010). Cuaderno de trabajo 3. Diseño de proyectos sociales desde una perspectiva de género. http://www.sartu.org/wp-content/uploads/Cuaderno_trabajo_Sendotu_n3.pdf- Sultana, Robert (2016). La movilización de los servicios de orientación profesional en torno a una agenda de justicia social: una prioridad para todos.. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer- Xunta de Galicia (2014). Estratexia Galega para a inclusión social (EGIS) 2014-2020. http://políticasocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_program- Zuberó, I. (2006). Las nuevas relaciones Las nuevas relaciones entre empleo y exclusión: flexibilización laboral y precarización vital.. Documentación Social, 143, 10-30 http://www.caritas.es/imagesrepository/CapitulosPublicaciones/823/- Llano Ortíz, J.C. (2015). El estado de la pobreza. 5º Informe. Seguimiento del riesgo de la pobreza y la exclusión social en España 2009_2014. . EAFPN España- González, A e Mallorca, M.J. (2008). Unidad de empleo para mujeres. guía metodológica y de trabajo. Sevilla: Instituto Andaluz de la Mujer- Lamparón, B (2016). Empleabilidad: análisis del concepto. Revista de Investigación en Educación, nº14 (1), pp. 67-84- Gómez Sánchez-Albornoz, E. E Alonso Cuervo, I. (2006). Acompañar procesos de diversificación profesional en el sector de la construcción. Sevilla: Instituto Andaluz de la Mujer pp 17-23, <p>Para a tarefa de análise de programas de orientación ocupacional ofrécese unha listaxe de bibliografía comentada e clasificada por persoas ou colectivos destinatarias. En función do colectivo escollido, a bibliografía tserá básica ou complementaria.</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Manzano Nuria (2011). Orientación laboral con jóvenes en riesgo de exclusión social. Madrid: Editorial Sanz y Torres- AAVV (2016). Renta básica. http://www.sinpermiso.info/sites/default/files/monograficorb5_sinpermiso.pdf- López Méndez Irene (2007). El enfoque de género en la intervención social. Madrid: Cruz Roja- Cenicerós, J. e Otero, E. (2003). Orientación sociolaboral basada en itinerarios. . Madrid: Fundación Tomillo- Acosta, Estela (2015). Combatir la ideología neoliberal. Políticas de empleo y formación para la justicia social. Madrid: Fundación 1º de mayo. CCOO.- Cruz, E e García , C. (2005). ¿Cómo desarrollar la empleabilidad? Cuadernos para la inserción laboral.. Madrid: Cáritas Española.- Álvarez Iglesias, M. (2011). Guía-protocolos itinerarios integrales de empleo desinados a mujeres monoparentales. . Fundación Mujeres- Formichella, M. M. e London, M (2013). Empleabilidad educación y equidad social . Revista de Estudios Sociales, no 47, pp.79-91 <p>Para cada tema recomendárase bibliografía e webgrafía específicas, diferenciando as que van ser obxecto de análise documental (de lectura obrigatoria) e de afondamento ou complementaria</p>



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables/652G03022

Métodos de avaliación de programas/652G03023

Orientación e políticas de emprego/652G03031

Materias que continúan o temario

Orientación e políticas de emprego/652G03031

Observacións

A materia optativa Orientación e políticas de emprego aporta competencias para a propia auto-orientación (análise do perfil e do mercado profesional da educación social e elaboración de ferramentas para a busca de emprego) e para o exercicio profesional no eido da orientación ocupacional (medidas activas de emprego, entramado institucional europeo, estatal e galego no ámbito do emprego e da formación, análise do mercado laboral, etc.). Outra aportación interesante é a lectura comprensiva e crítica sobre o mercado laboral e sobre as políticas que se están aplicando e as súas consecuencias en termos de inequidade social ou de incremento das desigualdades sociais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías